Rioja Baixa

memoria exercicio 2011

En tempos díficiles os optimistas fan proxectos e os pesimistas buscan escusas. Do sector de Rías Baixas, viticultores e adegueiros, resaltaría a súa firme crenza na calidade e na versatilidade dos viños desta denominación de orixe. Por iso, como presidente, sempre quixen aportar o meu gran de area na potenciación da imaxe dos viños de Rías Baixas e ensalzar esa xenerosidade, propia das xentes de Rías Baixas, por compartir o seu ben máis prezado: os seus viños dourados.

En cinco anos de presidencia foron moitos os retos que asumir co Pleno e moitas as horas de traballo. Agora falamos de acordos acadados. En moitas ocasións foron decisións duras e difíciles para todos, pero certamente necesarias. Con estas decisións estamos a sentar as bases futuras para este sector e para as vindeiras xeracións.

Para potenciar a calidade e a imaxe dos nosos viños, o Pleno traballou internamente ata conseguir tres ferramentas de gran proveito: o Regulamento, o Manual de Calidade e o Prego de Condicións. Agora temos unha Denominación de Orixe que está ao máximo nivel das esixencias europeas.

Tamén en aras da profesionalidade e da independencia puxemos en funcionamento o Órgano de Control e Certificación, acreditado coa Norma UNE 45.011. Démoslle máis poder, autonomía e medios para atender mellor as súas funcions.

Ademais de acadar a mellor normativa posible, a este Pleno tocoulle defenderse das consecuencias que a OCM do viño ten para Rías Baixas. Con moito esforzo conseguimos preservar a variedade albariño só para a etiquetaxe de viños con D O. Lamentablemente, a loita continúa. Agora tratamos de parar a liberalización dos viñedos, unha batalla que libramos unidos a todas as denominacións de orixe europeas e a outros países.

Se miramos cara atrás, metas cortas e reais describen a nosa historia, baseada no agarimo co que o viticultor mima o froito e nos esixentes parámetros de calidade das nosas adegas. Nos últimos cinco anos pasamos de ter 3.200 ha. a 3.966 ha. Pasamos de vender 11.600.000 litros/ano no quinquenio 2002-2006, a 16.250.000 litros/ano no periodo de 2007-2011. Sen o esforzo de todo o sector non teriamos chegado ata aquí. Pero neste gran crecemento de vendas temos que destacar o gran esforzo promocional feito tanto dende as adegas como polo Consello Regulador, que destina máis do 60 % do seu orzamento a este apartado.

Ante o aumento das producións nos últimos anos chega o momento de preguntarnos: cal é o camiño a seguir?. O da calidade, baseada nunha oferta de uva axeitada á demanda real de viño cunha materia prima excelente; ou o da máxima cantidade. O vindeiro Pleno terá que decidir a que nivel queremos manter o noso estatus de prestixio de viño de calidade.

A superación deste e doutros retos está nas mans dun gran equipo humano e profesional: os traballadores deste Consello Regulador, que coa súa laboura fixeron a este Pleno máis doada a toma de decisións, intentando en todo momento desenvolver os acordos que emanan do mesmo. Este sector queda nas mellores mans, as deste gran equipo humano e profesional que o conforman. Grazas a todos.

Jose Ramón Meiriño González
Presidente do Consello Regulador D.O. Rías Baixas

PRESIDENTE

D. José Ramón Meiriño González

VICEPRESIDENTE

D. Gerardo Méndez Lázaro

VOGAIS SECTOR PRODUTOR

Agromiño S.L. (D. Antonio Álvarez Suárez)
Limeres Rodríguez S.A. (D. Fernando Bandeira García)
D. Ramiro Baulo Rey
D. David J. Castro Mougán
Álvarez Viéitez S.L. (Dna. María Teresa Estévez Rodríguez)
D. Luciano Fernández Besada
D. Daniel Meaño Alba
Xesvitgal S.L. (D. Jesús Paz Parracho)
D. Roberto Rivas Reboredo

VOGAIS SECTOR ELABORADOR

Adegas Tollodouro S.A. (D. José María Campos Pérez)
Bodegas Terras Gauda S.A.(D. Enrique Costas Rodríguez)
Cabaleiro do Val S.L. (D. Francisco Dovalo López)
Bodegas del Palacio de Fefiñanes (D. Juan Gil González de Careaga)
Bodegas Fillaboa S.A. (D. Antonio González Álvarez)
Adegas Arousa de Bebidas S.L. (D. Germán Martínez Novo)
Bodegas Gerardo Méndez S.L. (D. Gerardo Méndez Lázaro)
Eulogio Pomares Zárate e Hijos S.L. (D. Eulogio Pomares Botana)
Bodegas As Laxas S.A. (D. José Simón Ferro)

VOGAIS DE ADEGAS DE BASE COOPERATIVA

D. Carlos Carrión Álvarez
Viña Almirante S.C.G. (D. José Estévez Pomar)
Bodegas Martín Códax S.A.U. (D. Juan Vázquez Gancedo)
Adegas Condes de Albarei S.A.U. (D. Xavier Zas García)

VOGAIS DELEGADOS

D. José Manuel Fernández Castro
D. Gerardo Zugasti Enrique

ORGANIGRAMA DO CONSELLO REGULADOR DENOMINACIÓN DE ORIXE RÍAS BAIXAS



ESTRUCTURA DO ÓRGANO DE CONTROL



Relación de xerarquía de Cadro de Persoal e Contratación, deberes e servizos solicitados directamente polo Pleno, pero con independencia en temas de Inspección e Auditoría.

Dependencia xerárquica, incluíndo no caso do Órgano de Control, as decisións sobre Control de Calidade e iniciación e resolución de expedientes de auditoría en Inspección.

Abrindo portas ao exterior

Rías Baixas afianza en Europa o seu código xenético ao tempo que avanza nos mercados exteriores

As crises supoñen sempre grandes retos. Polo que respecta a nosa Denominación de Orixe, o actual contexto de depresión económica veu coincidir ademais con momentos de grandes cambios.

De entrada cambios normativos e organizativos, como os derivados da progresiva implantación da nova OCM do viño a nivel europeo. En 2011 entregouse as autoridades Europeas o Prego de Condicións (derivado tamén da OCM) documentación que recolle o auténtico "código xenético" de cada Denominación de Orixe vitivinícola europea.

No seu nacemento, as Denominacións de Orixe españolas estaban baseadas nun borrador esquemático e pouco esixente, a partir do cal as diversas Comunidades Autónomas coas competencias transferidas neste área desenvolveron normativas e regulamentos específicos.

Pero a partir da citada OCM, a UE puxo en marcha unha revisión en toda regra do sistema. Máis aló de nomes e ubicacións, con este instrumento as autoridades europeas tentaban afondar na caracterización dese "vínculo co territorio" que caracteriza a cada D.O., cos seus viños específicos.

En resumidas contas, un esforzo suplementario que os correspondentes Servizos Técnicos están a afrontar coa profesionalidade e a responsabilidade propias de quen defende

Os Rías Baixas estiveron presentes como protagonistas en actos insitucionais tan concurridos como a celebración da "Fiesta de la Hispanidad" en México.

con iso o prestixio gañado nos mercados e que debe ser respaldado en tódolos niveis institucionais.

O segundo gran cambio ten que ver co produto mesmo, o viño. É precisamente nos mercados onde se libran as importantes batallas da comercialización, afrontando -non podía ser doutro modo- as mesmas dificultades económicas que os demais sectores vinculados ao consumo.

Polo momento, os viños Rías Baixas avanzan paso a paso nos mercados, sobre todo no exterior, consolidando a maior parte das posicións.

As cifras brutas falan por si mesmas: as vendas totais de Rías Baixas subiron un 12 %, pasando dun total de 15,5 ata os 18 millóns de litros vendidos.

Sobre ese total, as exportacións supuxeron no exercicio 2011 un 24%. É dicir, practicamente unha cuarta parte das vendas están destinadas á exportación.

Se temos en conta que o exercicio anterior as vendas representaban un 22% dun total de 15,5 millóns de litros, o incremento é dobre: cuantitativamente (nas vendas totais) e tamén porcentualmente (no peso que as exportacións representan no total).

Unha boa senda que está apoiada en piares sólidos: o mercado americano (sobre todo os EE.UU.) onde as estratexias comerciais seguen dando froitos e unha aposta decidida polos mercados asiáticos emerxentes; unha estratexia diferenciada de cara aos consumidores no terreo nacional; e, por último, accións orientadas a estender ou mellorar o coñecemento dos viños Rías Baixas a través de prescritores en mercados estratéxicos.

No campo exterior, a economía americana presenta certas trazas de recuperación, o que non deixa de ser unha boa nova para o consumo de viños.

A sinatura do novo convenio para a terceira edición da campaña do ICEX dentro do seu Plan Xeral de Viños mantén as expectativas de crecemento.

En Asia, os mercados xaponés e chinés son os obxectivos principais. En Xapón, tamén a través do ICEX, realizáronse unha serie de presentacións, catas e charlas presenciais destinadas a reforzar a presenza dos Rías Baixas, que quedaran suspendidas a causa do devastador terremoto e posterior tsunami en marzo de 2011. O incremento

A visita de prescritores cun variado plan de actividades, como no caso da Festa do Albariño en Cambados segue a ser unha liña de acción promocional eficaz.

de exportacións ao conxunto dos países asiáticos con respecto ao exercicio anterior foi do 28,40%.

MERCADOS INTERIORES

De cara aos mercados interiores, os cambios na estratexia promocional iniciados hai poucos anos vanse consolidando e dando froitos.

Trátase en moitas ocasións de accións presenciais e destinadas a públicos concretos, como é o caso das "Noches con Nombre Propio", evento dirixido a un público xove e que traslada o centro da promoción dos nosos viños a lugares específicos de consumo, unha serie de locais de hostalería coidadosamente seleccionados.

É un evento xa consolidado en Madrid onde o propósito é gañar posición fronte aos competidores, con estratexias directas e aportando un valor de marca definido, apoiadas tamén coa presencia de rostros galegos famosos como foron na última edición a actriz Ana Turpin e o actor Luis Tosar, que amenizou a sesión co seu grupo musical "Dielas".

Outra acción destacada neste campo é a de "Ricas por Naturaleza", campaña realizada co apoio da Deputación e de ANFACO (Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas) e que está enfocada aos mercados limítrofes, onde se concentran máis do 60% das vendas de Rías Baixas en España.

O viño e as conservas, en franco e simbólico maridaxe, son a porta de acceso a unha sesión de información. O obxectivo é a pro-

Os eventos realizados en Nova York, como o Great Match, contribúen a estender a marca Rías Baixas entre o público americano, adaptando as estratexias ao mercado.

moción turística das Rías Baixas entre os consumidores de zonas xeográficas próximas a Galicia: León, Zamora,Valladolid, Ponferrada, Oviedo, Santander e mesmo Oporto, foron sedes sucesivas do evento.

Ademais destas estratexias puntuais, outras accións destinadas tamén ao consumidor final como as minifeiras celebradas en Barcelona e (por primeira vez) en Vigo teñen a misión de ampliar o espectro de público local.

Estas estratexias combínanse loxicamente, coa realización de encontros con profesionais, como o realizado en San Sebastián e outros lugares, onde o propósito é máis ben introducir a marca Rías Baixas en contornas menos habituais.

En definitiva, nunha época de economías austeras as grandes campañas de publicidade deixaron paso a accións moi concretas co obxectivo de chegar directamente aos consumidores finais, creando redes de fidelidade á marca Rías Baixas sobre todo nos mercados xa experimentados.

É un paso lóxico nun entorno cada vez máis interconectado. As estratexias de marqueting e publicidade convencionais sufriron a correspondente mutación desde a entrada en escena doutro compoñente esencial deste escenario: as redes sociais. No novo marqueting, como resume a frase dun coñecido manifesto: "os mercados son as conversacións". A promoción directa e o boca a boca apoiada en estratexias concretas nas redes sociais poden ser bos aliados, tanto no mercado interior como no exterior.

EXPERTOS E TECNOLOXÍA

Tamén a tecnoloxía ofrece neste punto aspectos novidosos, que poden parecer aínda de pouca incidencia, como o proxecto para insertar códigos QR no etiquetado, pero que desde o punto de vista da promoción pode ser aproveitado para accións especiais, e supoñen asimesmo un elemento diferenciador. En realidade, desde a perspectiva de internacionalización, as novas tecnoloxías

falan a súa propia linguaxe, e a aprendizaxe desa nova gramática promocional debería formar parte do horizonte estratéxico.

Obviamente, ese boca a boca

A entrada nos mercados asiáticos pasa polo incremento das actividades de promoción en Xapón, o destino máis potente, pero abrindo paso a outras accións como a presenza nas feiras de referencia na zona, como Food & Hotels de Sanghai.

non sería tan produtivo se non estivese apoiado na fama apuntalada por expertos catadores e críticos. Cando se trata dos mercados exteriores, onde custa moito traballo introducir novas marcas, as referencias de guías como "The Wine Advocate" son a mellor tarxeta de visita.

As súas referencias marcan estándares de recomendación, en base a criterios de calidade-prezo, que abren as portas aos mercados mundiais de xeito insustituíble.

A partir de aí, o traballo consiste en estratexias eficaces para introducir e manter unha presenza constante en escenarios significativos. E para isto último é fundamental o papel que a nivel estatal cumpre o ICEX, coas campañas "Vinos de España" (Wines from Spain), ofrecendo un paraugas de promoción que Rías Baixas está aproveitando para a penetración nos mercados asiáticos ou americanos.

Pero outro aspecto nada secundario son as estratexias de base, que actúan no centro mesmo da formación da opinión.

A este respecto, a introdución dos Rías Baixas en centros de formación de hostalería de alto nivel, como se está a facer en Suíza, é un importante reforzo de cara a a penetración nos mercados europeos a medio prazo.

Con esta mesma perspectiva sumáronse desde o ano pasado unha serie de seminarios en Italia.

Son actos dirixidos a sumilleres, un reputado sector profesional no país, nos que se reuniron máis de 2.000 expertos de Milán,Turín e outras cinco cidades italianas. Un sistema de charlas, catas e explicacións que volveron programarse para 2012, debido ao éxito obtido.

É un camiño paralelo ao seguido en España, onde Rías Baixas patrocina o Máster en Sumillería de Madrid e o de San Pablo CEU de Valladolid, e guiado pola mesma estratexia de investir nos núcleos da formación e prescrición, coa vista posta no futuro.

Un futuro no que a base segue a ser manter e ampliar o posicionamento gañado nos mercados interiores, precisamente en momentos de grandes producións derivadas das boas colleitas e coas dificultades que iso supón para os prezos.

A vendima

Unha colleita de récord

A vendima 2011 resultou a colleita máis elevada da historia: 41.787.783 millóns de kilos de uva recollidos nas 3.966 ha., segundo os datos do Órgano de Control e Certificación do Consello. Un resultado que confirmou as expectativas baralladas ao inicio da recollida, tanto en calidade como en cantidade.

Os traballos adiantáronse polas boas condicións climatolóxicas. A primavera foi moi cálida e seca, con temperaturas elevadas que permitiron unha magnífica floración e callado do froito, factores que derivaron no alto índice de fertilidade que mostraron os resultados da campaña.

Ademais, as boas condicións meteorolóxicas permitiron dilatar o tempo necesario o período de recollida, que na D.O. faise a man, e a vendima transcorreu de xeito selectivo e ordeado, coa uva en excelente estado fitosanitario na entrada en adega, cun bo grao alcólico e unha acidez equilibrada.arantin

A abundancia da colleita permitiu que as 179 adegas da D.O. esgotaran a súa capacidade de almacenaxe.

76 técnicos habilitados como veedores pola Consellería do Medio Rural, xunto a outros 5 do Órgano de Control e Certificación supervisaron a entrada de uva nas adegas, os transportes de uva ou mosto entre subzonas e a vendima en fincas.

SUPERFICIE

DATOS DOS ÚLTIMOS 10 ANOS

Viticultores



Adegas



Superficie (Ha.)



Viño elaborado (Hl.)



Viño comercializado (litros)



DENOMINACIÓN RIAS BAIXAS
Concellos, Viños e Castes

Rías Baixas

DISTRIBUCIÓN POR SUBZONAS (2011)

Viticultores



- Condado do Tea
- O Rosal
- Ribeira do Ulla
- Soutomaior
- Val do Salnés

TOTAL: 6.617

Superficie (Ha.)



- Condado do Tea
- O Rosal
- Ribeira do Ulla
- Soutomaior
- Val do Salnés

TOTAL: 3.969 Ha.

Superficie-viticultor



- Condado do Tea
- O Rosal
- Ribeira do Ulla
- Soutomaior
- Val do Salnés

TOTAL: 0,60 Ha.

Parcelas



- Condado do Tea
- O Rosal
- Ribeira do Ulla
- Soutomaior
- Val do Salnés

TOTAL: 22.405

Parcelas-viticultor



- Condado do Tea
- O Rosal
- Ribeira do Ulla
- Soutomaior
- Val do Salnés

TOTAL: 3,39

VENDIMA

RENDEMENTOS. Anos 2005-2011

Superficie (Has.)



Vendima (Kg.)



Rendemento (Kg./Has.)



PRODUCIÓN POR CASTES/SUBZONAS. Colleita 2011

ALBARIÑO



Porcentaxe do total: 95,85%

TREIXADURA



Porcentaxe do total: 1,168%

LOUREIRO



Porcentaxe do total: 1,17%

RENDEMENTO TRANSFORMACIÓN UVA/MOSTO (Kg./L.)



VOLUME DE UVA VENDIMADA (Kg.) POR SUBZONAS

	Uva importada
Condado	889.518
O Rosal	746.652
Ribeira do Ulla	21.515
Soutomaior	0
Val do Salnés	2.230.941
TOTAL	**3.888.626**

Rías Baixas

OUTRAS BRANCAS



Porcentaxe do total: 1,014%

TINTAS



Porcentaxe do total: 0,797%

TOTAL PRODUCIÓN POR CASTES/SUBZONAS
Colleita 2011



Uva exportada	*Uva vinificada*	*Uva vendimada*
1.161.866	8.351.613	8.623.961
1.134.823	5.050.329	5.438.500
885.232	578.056	1.441.773
28.576	24.055	52.631
678.129	27.783.730	26.230.918
3.888.626	**41.787.783**	**41.787.783**

ODUCIÓN POR CASTES. Anos 2005-2011

En kilos



PRODUCIÓN

UVA EXPORTADA A OUTRAS SUBZONAS DA D.O.

	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011
CONDADO DO TEA	433.796	335.610	366.570	308.578	416.293	929.191	1.161.866
O ROSAL	266.046	735.589	512.251	324.622	336.277	473.771	1.134.823
RIBEIRA DO ULLA	68.756	150.900	166.670	238.544	231.188	566.114	885.232
SOUTOMAIOR	18.038	23.638	6.736	11.835	16.971	27.744	28.576
VAL DO SALNÉS	1.055.455	1.023.704	504.155	525.741	500.498	565.214	678.129

UVA IMPORTADA DOUTRAS SUBZONAS DA D.O.

	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011
CONDADO DO TEA	932.444	1.309.558	571.731	553.659	415.993	565.567	889.518
O ROSAL	687.136	649.847	560.758	432.226	514.693	579.413	746.652
RIBEIRA DO ULLA	46.370	42.602	27.120	12.933	22.275	14.826	21.515
SOUTOMAIOR	8.245	0	0	32.203	0	0	0
VAL DO SALNÉS	167.896	267.434	396.773	378.893	548.2 66	1.402.228	2.230.941

COMPARATIVA ADEGAS CON VINIFICACIÓN (2006-2011)



PROPORCIÓN DE ADEGAS CON VINIFICACIÓN EN 2011



EVOLUCIÓN NUMERO DE ADEGAS CON VINIFICACIÓN



Rías Baixas

UVA VINIFICADA POR SUBZONAS 2005-2011 (datos en Kg.)

	Condado do Tea	*O Rosal*	*Ribeira do Ulla*	*Soutomaior*	*Val do Salnés*
2005	5.189.950	3.120.300	372.052	37.777	13.182.961
2006	6.573.516	3.987.553	434.289	30.832	19.583.910
2007	4.218.044	2.609.950	315.507	20.191	11.573.203
2008	4.561.351	2.552.395	356.792	55.631	12.371.208
2009	5.196.576	3.326.376	347.521	17.188	14.736.425
2010	6.704.377	3.902.618	521.611	23.440	20.534.470
2011	8.351.613	5.050.329	578.056	24.055	27.783.730



Datos destacados

EXPORTACIÓNS 2006-2011 (Volume en litros)



EVOLUCIÓN DO TOTAL DAS EXPORTACIÓNS 2002-2011 (Volume en litros)



Exportacións por países - Ano 2011 (litros)

Alemaña	210.021,50
Austria	7.828,34
Bélxica	71.955,00
Bulgaria	0,00
Dinamarca	12.151,50
Finlandia	10.833,00
Francia	18.747,75
Grecia	301,50
Holanda	89.348,50
Irlanda	64.470,75
Italia	3.597,50
Luxemburgo	2.517,00
Portugal	713,50
Reino Unido	457.993,78
Hungría	45,00
Poloña	8.963,25
Rep. Checa	1.749,50
Letonia	6.980,00
Chipre	158,00
Lituania	450,00
Estonia	976,50
Eslovaquia	198,00
Malta	0,00
Eslovenia	0,00
Suecia	56.802,75
Romanía	0,00
TOTAL UE	1.026.802,62

Andorra	30.119,00
Islandia	90,00
Liechtenstein	0,00
Noruega	74.710,50
Suíza	115.388,53
TOTAL EEE	220.308,03
Rusia	9.142,00
Outros	11.744,00
RESTO EUROPA	20.886,00
China	20.010,50
Xapón	45.450,00
Filipinas	1.432,50
Singapur	6.066,75
Taiwan	168,00
Outros	9.604,50
TOTAL ASIA	82.732,25
Emiratos Arabes	2.154,00
Outros	2.106,00
TOTAL ÁFRICA	4.260,00

Arxentina	624,00
Brasil	26.661,75
Canadá	64.896,50
Colombia	5.290,00
Cuba	4.045,50
O Salvador	0,00
Guatemala	1.419,00
EE.UU.	2.266.102,65
México	139.443,00
Nicaragua	153,00
Porto Rico	189.476,25
Costa Rica	7.416,00
Rep. Dominicana	25.327,50
Venezuela	16.374,00
Perú	3.029,00
Panamá	25.995,75
Uruguai	0,00
Outros	8.115,00
TOTAL AMÉRICA	2.784.368,90
Nova Zelanda	4.700,00
Australia	55.386,00
TOTAL OCEANÍA	60.086,00

INGRESOS ORDINARIOS

	PRESUPOSTO	LIQUIDACIÓN
CAPÍTULO 3 - TAXAS, PREZOS PÚBLICOS, OUTROS INGRESOS	**1.751.500,00**	**1.801.035,82**
ARTIGO 33 - INGRESOS ORDINARIOS	1.595.700,00	1.618.322,82
01 - CUOTAS SOBRE PLANTACIÓNS INSCRITAS (CUOTA VIÑEDO)	190.700,00	197.361,39
02 - CUOTAS SOBRE PRODUTOS AMPARADOS (CUOTA VIÑO)	1.133.000,00	1.139.774,97
04 - PRECINTAS	272.000,00	281.186,46
ARTIGO 39 - OUTROS INGRESOS	155.800,00	182.713,00
CAPÍTULO 4 - TRANSFERENCIAS CORRENTES	**25.000,00**	**24.500,00**
ARTIGO 45 - DE COMUNIDADES AUTÓNOMAS	25.000,00	24.500,00
CAPÍTULO 5 - INGRESOS PATRIMONIAIS	**5.000,00**	**9.628,97**
CAPÍTULO 7 - TRANSFERENCIAS CAPITAL	**613.000,00**	**602.735,04**
ARTIGO 75 - DE COMUNIDADES AUTÓNOMAS	360.000,00	186,735,04
ARTIGO 76 - DE CORPORACIÓNS LOCAIS E PROVINCIAIS	253.000,00	416,000,00
CAPÍTULO 8 - ACTIVOS FINANCIEIROS	**170.000,00**	**170.000,00**
ARTIGO 87 - REMANENTE DE TESOURERÍA	170.000,00	170.000,00
TOTAL INGRESOS	**2.564.500,00**	**2.607.899,83**

GASTOS ORDINARIOS

GASTOS DE FUNCIONAMENTO

CAPÍTULO 1 - GASTOS DE PERSOAL	**173.800,00**	**167.939,51**
ARTIGO 13 - LABORAIS	140.000,00	136.507,31
ARTIGO 16 - COTAS SOCIAIS	33.800,00	31.432,20
CAPÍTULO 2 - BENS CORRENTES E SERVIZOS	**185.250,00**	155.419,62
ARTIGO 21 - REPARACIÓNS, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN	12.700,00	10.529,48
ARTIGO 22 - MATERIAL, SUBMINISTRACIÓNS, OUTROS	105.950,00	94.403,01
ARTIGO 23 - INDEMNIZACIÓNS RAZÓNS SERVIZO	66.600,00	50.487,13
CAPÍTULO 3 - GASTOS FINANCIEIROS	**2.500,00**	**1.461,16**
ARTIGO 34 - DEPÓSITOS, FIANZAS E OUTROS	2.500,00	1.461,16
CAPÍTULO 6 - INVERSIÓNS REAIS	**3.000,00**	**2.911,01**
ARTIGO 62 - PROXECTOS DE INVESTIMENTO NOVO	3.000,00	2.911,01
TOTAL GASTOS FUNCIONAMENTO	**364.550,00**	**327.731,30**

CONTROL DE CALIDADE	PRESUPOSTO	LIQUIDACIÓN
CAPÍTULO 1 - GASTOS DE PERSOAL	**291.450,00**	**302.820,23**
ARTIGO 13 - LABORAIS	143.500,00	139.425,41
ARTIGO 16 - COTAS SOCIAIS	45.450,00	43.622,23
ARTIGO 14 - OUTRO PERSOAL (VEEDORES)	102.500,00	119.772,59
CAPÍTULO 2 - BENS CORRENTES E SERVIZOS	**364.150,00**	**328.706,41**
ARTIGO 22 - MATERIAL, SUBMINISTRACIÓNS, OUTROS	364.150,00	328.706,41
CAPÍTULO 6 - INVERSIÓNS REAIS	**39.000,00**	**31.344,72**
ARTIGO 62 - PROXECTOS DE INVERSIÓN NOVA	39.000,00	31.344,72
TOTAL CONTROL CALIDADE	**694.600,00**	**662.871,36**
CAMPAÑA DE PUBLICIDADE		
CAPÍTULO 2 - BENS CORRENTES E SERVICIOS	**809.600,00**	**963.880,20**
ARTIGO 22 - MATERIAL, SUBMINISTRACIÓNS, OUTROS	809.600,00	963.880,20
TOTAL CAMPAÑA DE PUBLICIDADE	**809.600,00**	**963.880,20**
PROMOCIÓN		
CAPÍTULO 1 - GASTOS DE PERSOAL	**72.000,00**	**69.471,59**
ARTIGO 13 - LABORAIS	55.000,00	54.767,67
ARTIGO 16 - COTAS SOCIAIS	17.000,00	14.703,92
CAPÍTULO 2 - BENS CORRENTES E SERVIZOS	**623.750,00**	**489.085,21**
ARTIGO 22 - MATERIAL, SUBMINISTRACIÓNS, OUTROS	623.750,00	489.085,21
TOTAL PROMOCIÓN	**695.750,00**	**558.556,80**
TOTAL GASTOS	**2.564.500,00**	**2.513.039,66**
RESUMO DE INGRESOS		
CUOTAS E CONTRAETIQUETAS	1.595.700,00	1.618.322,82
INGRESOS EXTRAORDINARIOS	160.800,00	192.341,97
TRANSFERENCIAS CORRENTES	638.000,00	627.235,04
REMANENTE ANOS ANTERIORES	170.000,00	170.000,00
TOTAL	**2.564.500,00**	**2.607.899,83**
RESUMO DE GASTOS		
GASTOS DE FUNCIONAMENTO	364.550,00	327.731,30
CONTROL DE CALIDADE	694.600,00	662.871,36
PUBLICIDADE E PROMOCIÓN	1.505.350,00	1.522.437,00
TOTAL	**2.564.500,00**	**2.513.039,66**
INGRESOS - GASTOS	**0,00**	**94.860,17**

INFORME DE AUDITORIA DE CUENTAS ANUALES

Al Pleno del Consello Regulador da Denominación de Orixe "Rías Baixas"

1.- He auditado las cuentas anuales del **CONSELLO REGULADOR DA DENOMINACIÓN DE ORIXE "RÍAS BAIXAS"** (el Consello) que comprenden el balance de situación al 31 de diciembre de 2011, la cuenta de pérdidas y ganancias, el estado de cambios en el patrimonio neto, y la memoria correspondientes al ejercicio anual terminado en dicha fecha. La Dirección es responsable de la formulación de las cuentas anuales del Consello, de acuerdo con el marco normativo de información financiera aplicable a la entidad (que se identifica en la Nota 2 de la memoria adjunta) y, en particular, con los principios y criterios contables contenidos en el mismo. Mi responsabilidad es expresar una opinión sobre las citadas cuentas anuales en su conjunto, basada en el trabajo realizado de acuerdo con la normativa reguladora de la actividad de auditoría de cuentas vigente en España, que requiere el examen, mediante la realización de pruebas selectivas, de la evidencia justificativa de las cuentas anuales y la evaluación de si su presentación, los principios y criterios contables utilizados y las estimaciones realizadas, están de acuerdo con el marco normativo de información financiera que resulta de aplicación.

2.- En mi opinión, las cuentas anuales del ejercicio 2011 adjuntas expresan, en todos los aspectos significativos, la imagen fiel del patrimonio y de la situación financiera del **CONSELLO REGULADOR DA DENOMINACIÓN DE ORIXE "RÍAS BAIXAS"** al 31 de diciembre de 2011, así como de los resultados de sus operaciones correspondientes al ejercicio anual terminado en dicha fecha de conformidad con el marco normativo de información financiera que resulta de aplicación y, en particular, con los principios y criterios contables contenidos en el mismo.

Vigo, a 26 de Abril de 2012

ILUSTRE COLEGIO DE ECONOMISTAS DE PONTEVEDRA
PABLO GONZALEZ TENORIO
COLEGIADO Nº
VIGO

Pablo Gonzalez Tenorio
Economista-Auditor
ROAC: 10.548

AUDITORÍA SOBRE VIÑEDOS

1.710 resolucións de expedientes

Desprazamentos atención viticultores: 32
Cambios de titularidade: 310
Baixas de viticultores: 142
Inscrición novos viñedos: 911
Auditorías de viñedos 275

AUDITORÍA SOBRE ADEGAS

Auditoría sobre adegas (embotellados, aforos, descorchados): 162
Auditorías completas: 99
Supervisión de transportes: 292
Adegas nova inscrición: 3
Marcas autorizadas: 82
Baixas: 7
Marcaxe de depósitos: 63
Cambios de titularidade: 3

RECOLLIDA E CERTIFICACION DE MOSTRAS

Recollida de mostras: 1.333
107 sesións de cata
11 sesións extraordinarias de apelación
48 catadores para catas ordinarias
6 catadores de apelación
17.430.003 litros catados e analizados mostra por mostra

FORMACIÓN E PROMOCIÓN

Cursos e charlas de formación e para profesionais (feiras nacionais, grupos de sumilleres, estudantes de hostalería). Colaboración con EVEGA, Universidade e Feuga en proxectos de innovación tecnolóxica e xornadas técnicas

NORMA EN-UNE-45011

Co Grupo de Enxeñería de Organización da Universidade de Vigo, ultimouse a metodoloxía e documentación para a progresiva implantación antes da acreditación. Con este sistema fixéronse Auditorías de viñedos e nas adegas (instalacións, volumes, tipos de viño elaborados, cumprimento dos requisitos do Prego de Condicións e Manual de Calidade da D.O. buscando posibles melloras.

AUDITORÍA DE VENDIMA

76 veedores
31.390 partidas de uva
Control directo sobre 171 adegas elaboradoras en 2011
Control de 457 transportes de uva entre subzonas
105 Informes de Auditoría de viticultores e adegas para control de vendima

CONTROL DE MERCADO

Levouse a cabo un control sobre viños nas principais poboacións e establecementos, dentro do mercado alimentario, comprobando corrección nos etiquetados e marcas, así como elaborando estadísticas sobre prezos, estado de presentación, etc.
174 Mostras verificadas

CATAS

Os Servizos Técnicos coordinaron durante 2011 os traballos necesarios para as seguintes Catas-Concurso:
- Cata do Albariño de Cambados 2011: labores de toma de mostras e precinto de partidas, supervisión da cata e loxística para 52 mostras
- Cata das Colleitas, supervisión e loxística para a cata de 82 mostras, diante de notario
- Toma de mostras da Cata dos Viños de Galicia, colaborando tamén nos xurados da propia cata
- Supervisión e desenvolvemento de catas para colectivos ou guías de viños de recoñecido prestixio, como a a Guía Peñín 2011 ou as Distincións Gallaecia
- Catas formativas e promocionais dos diferentes tipos de viños en accións conxuntas coas demais áreas do Consello, Minifeiras e eventos

PROMOCIÓN

PRESENTACIÓN DE RICAS POR NATURALEZA
14 de Febreiro
ANFACO (Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Pescados y Mariscos) e o Consello Regulador da D.O. Rías Baixas, co apoio e a colaboración do Patronato de Turismo Rías Baixas, presentaron a campaña Ricas por Naturaleza: unha serie de accións publicitarias e promocionais para consolidar a marca "Rías Baixas" nos ámbitos do turismo e a gastronomía, a través dos viños da Denominación de Orixe Rías Baixas e as Conservas de Pescado e Marisco das rías.
Con degustacións e xornadas técnicas a cargo de expertos, apoiadas por unha campaña convencional en medios publicitarios, a acción estivo enfocada ao ámbito xeográfico de proximidade, para captar visitantes e consumidores fóra dos criterios de estacionalidade.
Tivo lugar nas seguintes localidades:
León 17 de Febreiro
A Coruña 23 de Febrero
Zamora 3 de Marzo
Valladolid 10 de Marzo
Ponferrada 17 de Marzo
Oviedo 24 de Marzo
Santander 31 de Marzo
Madrid 7 de Abril
Oporto 14 de Abril

CATA DEGUSTACIÓN FORUM DE GIRONA
20 de Febreiro
Cata e degustación de viños, dirixida ao sector profesional, dentro do posto da Xunta de Galicia neste certame catalán.

IMPORTADORES ALEMÁNS
15 de Marzo
Seis adegas da D.O. Rías Baixas participaron nunha xornada de traballo con sete importadores alemáns, no marco dunha misión inversa organizada polo IGAPE. Acompañados dun prestixioso xornalista alemán especializado en viños españois, visitaron adegas desta denominación con plans de exportación pero sen distribución aínda en Alemaña, un dos mercados tradicionais para Rías Baixas.

SEMINARIOS SUÍZA
18 de Abril
Un ano máis desenvolvéronse en prestixiosas Escolas de Alta Hostelería de Lucerna e Chur, en Suíza, seminarios sobre Rías Baixas, conducidos polo profesor Christian Baur. Participaron uns 200 alumnos, considerados futuros prescritores no coñecemento dos nosos viños no sector da restauración internacional.

CATA PEÑIN
23-24 de Maio
Carlos González, coordinador da "Guía Peñín de los Vinos de España" e Javier Luengo, responsable editorial e catador, avaliaron un total de 150 marcas de Rías Baixas, durante as sesións desenvolvidas no Pazo de Mugartegui.
As marcas catadas abarcaron todas as tipoloxías e variedades, o 90% da última colleita pero tamén elaboracións especiais. Carlos González dixo que "estamos asistiendo a una evolución espectacular de los vinos de Rías Baixas, sobre todo las cosechas 2008 y 2009".
O sistema de puntuación anglosaxón empregado puntúa entre 50 e 100 puntos. No caso dos Rías Baixas a máxima puntuación concedida na última edición da Guía foi 96. Estaban incluídos 103 vinos de la D.O. Rías Baixas no Top 90, sobre un total de 216 Rías Baixas. Carlos González manifestou que "Rías Baixas elabora los mejores vinos blancos tranquilos de España".

ALMORZO PROFESIONAL EN MÉXICO D.F.
30 de Maio
En colaboración coa Oficina Comercial de México D.F. e o IGAPE, o Consello Regulador organizou un almorzo durante a feira Alimentaria México 2011 con 40 persoas, entre distribuidores, prensa especializada, sumilleres e representantes da oficina comercial e embaixada de España en México.

Para o evento organizouse un xantar con comida mexicana, acompañado de nove marcas diferentes da D.O. Rías Baixas, co obxectivo de dar a coñecer as calidades dos nosos viños e as súas posibilidades de maridaxe.

ACTIVIDADES EN XAPÓN
Xuño
A Denominación de Orixe Rías Baixas foi seleccionada polo ICEX como protagonista para a campaña en Xapón e gozou de presenza destacada en moitos eventos organizados dentro do seu Plan de Viños. Entre as accións realizadas estiveron:
-Publicación da separata na revista "Wine Kingdom" cunha introdución sobre a Denominación, notas de cata sobre 50 viños de 35 adegas de Rías Baixas, o comentario dun sumiller, e unha serie de propostas de maridaxe.
-Organización de 4 seminarios de "Vinos de Rías Baixas" no marco da actividade "Cata de Vinos en 5 ciudades": en Tokio, Osaka, Nagoya e Fukuoka.
-Promoción de "By the glass" con viños de RB, en 30 restaurantes de Tokio.
-Rolda de prensa e degustación de viños de RB, seguida tamén dunha degustación para os importadores xaponeses na que participaron tamén os restaurantes participantes na promoción de "By the Glass".

CATA ONAV MILÁN / TURÍN / BARI
8, 9, 13 de Xuño
Para responder ao crecente interese polos viños de Rías Baixas o Consello Regulador desenvolveu en Italia seis presentacións en Milán, Turín, Boloña, Florencia, Bari e Catania, dirixidas aos membros da Asociación Nacional de Enólogos de Italia, no marco dunhas charlas sobre viños de España do ICEX.
Nas presentacións, con formato de seminario-cata, participaron 70 enólogos profesionais da ONAV de Milán, 60 en Turín e 45 en Bari.
En cada cidade participaron dez adegas cunha media de sete marcas de Rías Baixas.

PRESENTACIÓN DA COLLEITA EN MADRID
6 de Xullo
O Consello Regulador convocou á prensa nacional en Madrid, para anunciar a cualificación da colleita 2010, considerada "moi boa" como anunciou o presidente do Consello, José Ramón Meiriño.
Estiveron presentes máis de 50 xornalistas do mundo do viño e a gastronomía, ademais da prensa xeneralista.

CATA GUÍA REPSOL
19-21 de Xullo
Durante dous días, o equipo de cata da Guía Repsol, visitou a Denominación para catar in situ os viños de Rías Baixas a incluír na súa publicación "Los Mejores vinos de España", valorados a partir de 85 puntos.
En total, o equipo analizou un total de 65 marcas, na súa maioría da colleita 2010 pero tamén de elaboracións especiais (viños en madeira, sobre lías, seleccións de colleita).
A coordinadora da Guia Repsol, Isabel Mijares, explicou que "en esta denominación de origen hay mucha bodega pequeña de gran calidad, que hemos querido conocer directamente" y que se sumaban a outras 70 marcas enviadas directamente polas adegas.
A Guía Repsol dos "Mejores Vinos de España" ten, cunha tirada de 500.000 exemplares, supón unha espectacular promoción para as adegas, ampliada agora a traveso de internet, tablets e smartphones, a máis de 8 millóns de visitantes e cunha actualización constante.
Na última edición contaba con 71 viños Rías Baixas puntuados entre 90 e 96 puntos.

CATA GALLAECIA
26 Xullo
Elegantes, frescos e equilibrados. Así definiu a Asociación de Sumilleres "Gallaecia" aos viños de Rías Baixas, tras realizar no Pazo de Mugartegui a cata da que sairían os seus premios "Gallaecia 2011". Os 16 expertos do panel de cata examinaron

89 mostras presentadas a concurso, o 90% de 2010, pero tamén de 2009, 2008 e 2007.
O xefe técnico do Consello Regulador, Agustín Lago, destacou a estreita colaboración coa asociación mentres a presidenta deste colectivo, Mercedes González, valorou a frescura das mostras dos viños da nova colleita, "muy equilibrados, con todas las notas que diferencian a esta denominación de origen". Tamén destacaron os viños de barrica, "más complejos, con un enorme potencial y mucha proyección porque son productos diferentes y muy bien elaborados".

PRESENTACIÓN PLAN USA
5 de Agosto
Máis de 15 adegas participaron no Centro Comarcal do Salnés na presentación do "Plan de Promoción Estados Unidos" dos viños de Rías Baixas, un acto que foi clausurado polo conselleiro de Economía e Industria, Javier Guerra.
O "Plan de Promoción Estados Unidos", froito dun convenio de colaboración entre o ICEX e o IGAPE, ao que se adheriu o Consello Regulador, ten unha duración de tres anos e un importe total de 2.100.000 $, repartidos en tres anos. O ICEX aportará 200.000 ao ano, e o IGAPE máis o Consello Regulador, xunto coas adegas, abonarán 250.000 anuais cada un.
A acción promocional céntrase en cinco cidades, con especial atención a Nova York. Estados Unidos é o principal mercado internacional dos viños Rías Baixas e, como explicou a xefa del Departamento de Vino do ICEX, Rosa Angulo, "es el mercado que mejor se está comportando durante los tres últimos años".
Pola súa parte, o director do Área de Promoción, Innovación e Información Empresarial do IGAPE, Alfredo Castro Moral, definiu ao sector do viño galego como "de los mejores a nivel de internacionalización".
A campaña centrouse nas mensaxes clave como: Galicia verde e moderna, versatilidade do Rías Baixas Albariño, excelente relación calidade-prezo, e importancia da muller no sector. Tamén se afianzou a proxección da marca Rías Baixas cara ao consumidor final, o intermediario (sumilleres, importadores) e a prensa.
Os plans de promoción en Estados Unidos empezaron en 2005, cando se exportaban 755.000 litros por un importe de 4,5 millóns de euros. Actualmente expórtanse máis de 1,9 millóns de litros, cun importe superior aos 9,5 millóns e medio.

"NOCHES CON NOMBRE PROPIO III" - MADRID
14 de Setembro
As "Noches con Nombre Propio", acción promocional para dar a coñecer o viño Rías Baixas entre o consumidor madrileño, foi presentada un ano máis nun local da capital cun acto dirixido á prensa de Madrid, no que interviu a actriz Ana Turpin e actuou o grupo "Dielas", liderado polo tamén actor Luís Tosar.
Esta acción está orientada a un mercado potencial para esta denominación de orixe, polo alto número de poboación e a súa proxección nacional e internacional, tal como recollía un recente estudio da consultora Nielsen.
Como apoio ao evento púxose en marcha unha web e a iniciativa dinamizouse tamén a través da nosa páxina en Facebook.

ACCIÓN PROMOCIONAL NCNP III
22 de Setembro - 27 de Outubro
A campaña "Noches con Nombre Propio III"desenvolveuse de setembro a outubro, con participación cada xoves de 10 locais de distintas zonas de Madrid: Chueca, Justicia, Latina, Retiro, Salamanca, Chanmartín e Pozuelo.
En todos eles o nome habitual cambiouse polo de unha persoa, e todos os clientes chamados así recibiron unha botella de Rías Baixas Albariño de regalo. Ademais un sumiller profesional informaba aos clientes sobre as características visuais, olfativas e gustativas; a versatilidade dos Rías Baixas Albariño; e as súas capacidades para combinar cunha ampla gama de pratos. A acción incluíu tamén unha pequena cata de Rías Baixas Albariño.

RÍAS BAIXAS NA FESTA DA HISPANIDAD
31 de Outubro
Españois e mexicanos celebraron a "Fiesta de la Hispanidad" brindando con viños da D.O. Rías Baixas, que protagonizaron a tradicional recepción con motivo da festa nacional. Empresarios, políticos e personalidades da sociedade mexicana participaron na prestixiosa cita, xunto co director do IGAPE, Alfredo Castro, o presidente do Centro Gallego en México, Luis Piñeiro e o gaiteiro Carlos Núñez. Todos eles puideron degustar pratos típicos da gastronomía española acompañados dos nosos viños.
México é o cuarto destino en exportacións, para os Rías Baixas.

FEIRAS E MINIFEIRAS

FEIRA XANTAR
2-6 de Febreiro
O C.R.D.O. Rías Baixas, participou cun posto de 16 m^2 nesta feira gastronómica que tivo lugar en Ourense. Ao longo destes días ofreceuse información da D.O. a todos os visitantes e unha degustación de viño xenérico.

FEVINO
12-15 de Marzo
O Consello Regulador da D.O. Rías Baixas participou na Feira FEVINO, celebrada en Ferrol con carácter bianual, cun posto xenérico para degustación e información sobre a D.O.

FESTA DO VIÑO DE VEDRA
18 de Marzo
Esta celebración contou un ano máis co apoio do Consello Regulador.

MINIFERIA BARCELONA
24 de Marzo
Un acto dirixido ao consumidor final, con participación do sector profesional e empresarios de Barcelona. Consistiu nunha rolda de prensa seguida dun almorzo cos xornalistas e as adegas participantes. Pola tarde tivo lugar unha cata-degustación, coas 22 adegas participantes.

PROWEIN DUSSELDORF
27-29 de Marzo
O Consello Regulador participou na feira Prowein 2011, cun posto de 12 m^2, dentro do Pavillón Oficial do ICEX.
Ofrecéronse degustacións das adegas exportadoras que enviaron mostras e recolléronse diferentes contactos, remitidos posteriormente as adegas. Realizáronse labores comunicativas para incrementar o coñecemento dos nosos viños.

VINITALY
Verona 8 e 9 de Abril
No transcurso da feira Vinitaly, fomos protagonistas dun seminario sobre os viños da D.O. Rías Baixas, con máis de 60 asistentes que participaron nunha cata de diferentes elaboracións e unha sesión informativa sobre a Denominación.

FEIRA GOURMETS MADRID
11-14 Abril
O Consello Regulador participou na feira Gourmets, dirixida sobre todo ao sector profesional da Comunidade de Madrid, dentro do Pavillón de Galicia.
Unha cita de catro días nun dos principais mercados para os Rías Baixas.

ARBOMOSTRA SALVATERRA
22 - 25 de Abril
Cun posto institucional para facilitar información da Denominación o Consello Regulador participou na feira Arbomostra.

VINISTERRAE OURENSE
27 - 28 de Abril
O Consello Regulador participou como expositor na IV Edición da Feira Vinisterrae.
Ademais impartiu unha charla sobre a Denominación para o sector profesional invitado.

FENAVIN CIUDAD REAL
10-12 de Maio
A Denominación estivo presente dentro do pavillón oficial da Xunta de Galicia, nesta feira que se ten convertido nun referente nacional e internacional.

LONDON WINE
17-19 de Maio
O Consello Regulador participou unha vez máis nesta importante feira de Londres, o segundo destino en exporta-cións dentro do pavillón español do ICEX cun posto de 12 m^2, con cerca de 60 marcas de Rías Baixas representadas.

MINIFERIA MÁLAGA
23 de Maio
Dirixida ao sector profesional, a minifeira de Málaga constou dunha sesión de mañá con rolda de prensa e posterior almorzo, seguida dunha presentación e cata dos viños Rías Baixas con sumilleres. Pola tarde tivo lugar unha xornada técnica dirixida a 25 sumilleres da cidade, con charla sobre a D.O. e unha cata de diferentes elaboracións de Rías Baixas.
Ao acto central, a cata e degustación para o sector profesional, asistiron máis de 500 profesionais sevillanos.

ALIMENTARIA MÉXICO D.F.
31 de Maio - 1 e 2 Xuño
O Consello Regulador participou na feira Alimentaria México 2010, cun posto de 14 m^2 no pavillón do ICEX.
Na máis importante feira de alimentación e bebidas de México, celebráronse tamén actividades de apoio para reforzar a presenza dos Rías Baixas neste importante mercado.

FESTA DO VIÑO DE BARRO
11-13 de Xuño
O Consello Regulador estivo un ano máis no VI Certame de Viños Rías Baixas e XXXII edición da Festa do Viño do concello de Barro.
Por primeira vez estiveron presentes cinco marcas de viños tintos da D.O., sobre un total de 22 adegas participantes que presentaron un total de 29 marcas, todos elas amparadas baixo a Denominación.

SALIMAT, SILLEDA
16-19 de Xuño
Un ano máis, o Consello Regulador apoiou a participación das adegas na semana verde de Silleda, SALIMAT. Postos de 9 m^2 baixo o paraugas común da D.O. Rías Baixas se deron cita neste salón, de catro días de duración, dous para o sector profesional e dous para ao consumidor de a pe.

VINEXPO BORDEAUX
19-23 de Xuño
Cun posto de 16 m^2, dentro do pavillón español do ICEX, o Consello Regulador participou nesta importante feira na que estiveron expostas máis de 60 marcas, para degustación do sector profesional.

CATA EN VINEXPO BORDEAUX
20 de Xuño
Con ocasión da feira Vinexpo, organizouse unha sesión de cata de diferentes elaboracións, impartidas por Germán Muñoz e dirixida á prensa internacional asistente.

FESTA DO VIÑO DE AUTOR
3 de Xullo
Un ano máis o Consello Regulador colaborou na organización desta festa.

FESTA DO VIÑO TINTO RÍAS BAIXAS
9 e 10 de Xullo
O Consello Regulador estivo en As Neves apoiando esta ineludible cita festiva da subzona do Condado.

FEIRA DO VIÑO DE O ROSAL
15 de Xullo
O Consello Regulador colaborou un ano máis co concello de O Rosal na organización da XIX Feira do Viño, que reuniu este ano a nove adegas da Denominación na Praza do Calvario. Este ano houbo ademais un posto da Ruta do Viño do Rosal e outro do propio Consello Regulador da D.O. Rías Baixas.
A festa serve de promoción a un importante abano de produtos típicos da zona, con especial protagonismo para os viños amparados pola D.O.
Celebráronse tamén unhas Xornadas Técnicas, nas que participou Mercedes González Rodríguez, presidenta da Asociación de Sumilleres de Galicia "Gallaecia".

MINIFERIA EN VIGO CONSUMIDOR FINAL
21 de Xullo
Por primeira vez tivo lugar en Vigo esta actividade dirixida ao consumidor final, e na que participaron ademais do sector profesional un grupo de consumidores potenciais dos nosos viños e empresarios vigueses. En total reuníronse máis de 600 persoas.
O acto empezou cunha rolda de prensa e foi seguido dun almorzo con xornalistas e adegas participantes. Pola tarde tivo lugar unha catadegustación coas 23 adegas na que os asistentes puideron catar 67 marcas das subzonas da Denominación cos seus viños representativos e algunhas elaboracións especiais.

Galicia é o mercado potencial dos Rías Baixas que destinan o 50 % da súa produción ás vendas no mercado local.

FESTA DO ALBARIÑO
3-7 de Agosto de 2011
Nesta 58 edición da Festa do Albariño instaláronse un total de 42 postos, dispostos como ven sendo habitual ao longo do Paseo da Calzada, e onde estaban representadas 44 adegas da Denominación.
Ademais contouse coa visita de 11 xornalistas de recoñecido prestixio da prensa nacional, para o panel de cata externo.
Tras a realización de dúas series de catas (prima e derradeira) o último día celebráronse os actos de investidura dos novos Cabaleiros do Capítulo do Albariño e o almorzo oficial no que se entregaron os premios aos gañadores do concurso.
Como novidade, este ano organizouse un Túnel do Viño con 108 marcas da Denominación, unha iniciativa dirixida ao consumidor final que tivo lugar na antiga fábrica de conservas Peña.

FESTA DO VIÑO DO CONDADO
26-28 de Agosto
O Consello Regulador participou na LII Festa do Viño do Condado cun posto de exposición de produto e material promocional. Este ano estiveron presentes 20 adegas no certame, que incluíu un completo programa de actos como a Cata Comentada de Viños Brancos e Tintos do Condado ou a Mostra dos Viños con Denominación de Orixe do Condado
A XII Cata á procura dos viños deliciosos do Ano, contou coa participación de cerca de 40 marcas pertencentes á Denominación de Orixe Rías Baixas. O panel de cata estivo formado por doce expertos.
Os actos remataron coa elección dos novos Cabaleiros da Cofradía dos Viños do Condado

do Tea, que premiou a aquelas persoas que, polos seus logros ou vinculación co sector, contribuíron a estender a fama destes viños.

FEIRA WINE & SPIRITS 2011
10-12 de Novembro
O Consello Regulador participou por primeira vez na importante feira asiática "Wine & Spirits" celebrada en Hong Kong, formando parte do pavillón oficial do ICEX, cun posto de 12 m^2 no que se expuxeron 28 marcas de Rías Baixas.

FEIRA FOOD & HOTEL CHINA 2010
16 -18 de Novembro
Tamén dentro do pavillón oficial do ICEX o Consello Regulador participou na feira chinesa Food & Hotel, cun posto de 12 m^2 no que estaban representadas 24 marcas de Rías Baixas.

FORMACIÓN

SEMINARIO VIÑO E MADEIRA
14 de Xuño
Debido ao crecente interese por parte dos enólogos neste tipo de elaboracións, celebrouse no Pazo de Mugartegui un seminario sobre "Madeira e Viño" para adegas e enólogos da D.O. Rías Baixas.
Ainda que a elaboración en madeira é anecdótica na denominación "se están haciendo ensayos exitosos y existe un gran interés por este tema que fue propuesto por los propios enólogos de la denominación" , asegurou Isabel Mijares, presidenta de Equipo Team e membro da Academia Española de Gastronomía.
A charla estivo a cargo de Guy Guimberteau, profesor francés do Instituto de Enoloxía da Universidade de Burdeos, e Ivan Klecker, director comercial da Tonnellerie Saint Martin. Para eles, a variedade albariño conta con grandes posibilidades para este tipo de elaboracións, pero partindo de que é preciso ensamblarla coa madeira, sen darlle a esta todo o protagonismo senón como un compoñente máis: "estas variedades autóctonas tienen posibilidades por sus características específicas, en cuerpo y aroma, para sobresalir con la madera".
A elaboración con barrica aporta ao viño un plus de diferenciación, sen perder a personalidade das súas variedades, tan peculiares en Rías Baixas.
Enólogos e adegueiros amosaron o seu interese "por ser muy práctica y porque es un camino para explorar para ampliar la gama de sus productos, porque es necesario diversificar".
Na xornada tratouse desde a fabricación da barrica, o seu mantemento, limpeza, adecuación das instalacións e que aportan ao viño cada un deses momentos, así como os distintos tipos de barrica. O seminario rematou cunha cata de seis viños desta Denominación de Orixe.

CURSOS DE INGLÉS E ENOTURISMO
Setembro / Outubro
Co obxectivo de adquirir destrezas na comunicación en inglés en especial no contexto da atención ao turismo enolóxico, a Ruta do Viño Rías Baixas puxo en marcha un Curso de Inglés sobre o Enoturismo, celebrado do 26 de setembro ao 6 de Outubro en sesións celebradas sucesivamente en Cambados e o Rosal.
Os participantes coñeceron o vocabulario básico propio do sector e puxérono en práctica durante unha visita guiada a unha adega.
O curso, de 30 horas presenciais máis 10 online, estivo dirixido a profesionais da restauración, viticultores, sector turístico e persoas interesadas no mundo do viño.
Os asistentes recibiron un diploma do "Programa de Inmersión en Inglés para Profesionais" na especialidade de Enoturismo, expedido pola Universidade de Vigo.
No mes de Outubro o curso completouse con outros sobre Ferramentas para a mellora das Visitas Guiadas (O Rosal 13 e 14 outubro, e Cambados 20 e 21 do mesmo mes) e un de Comercialización Enoturística (27 e 28 outubro).
Estas accións formativas están cofinanciadas con Fondos FEDER e polo Ministerio de Medio Ambiente, Marino y Rural, a través do Proxecto Piloto "Hacia un modelo de competitividad, sostenibilidad y gobernanza en el medio rural: Territorio Enoturístico Socialmente Responsable".

CURSO DE INGLÉS
12-15 de Decembro
Por sexto ano consecutivo, celebrouse o curso de inglés específico do viño. Estivo impartido polo profesor Andrew Black, e constou de 20 horas lectivas. Nesta edición o temario versou sobre a venda dos Rías Baixas nos mercados exteriores.

VISITAS

VISITA GERMÁN MUÑOZ
27-28 de Xaneiro
Germán Muñoz, director da empresa consultora de viños "Terroir 34", realizou unha visita á Denominación para estudar in situ o "terroir" de Rías Baixas e afianzar a súa tese sobre o "Xabre"

ENÓLOGOS ITALIÁNS
31 de Maio
Un grupo de 12 enólogos de Italia visitaron a Denominación. Durante a estancia participaron nunha charla-cata na sede do C.R.D.O.

VISITA FERNÁNDEZ CUESTA
6-9 de Setembro
O xornalista de ABC, Fernández Cuesta, visitou varias adegas da D.O. e diferentes subzonas para comprobar de primeira man como se desenvolvía a vendima en Rias Baixas.

GRUPO DE PRENSA DE MÁLAGA
6-8 de Setembro
Un grupo de cinco xornalistas de Málaga visitaron a Denominación para coñecer in situ a vendima en Rías Baixas. Tratábase de Andrew J. Linn, da revista "Esential"; Ricardo Galego, de edicións "Sur"; Enrique Bellver, de "Sur"; Dietmar, de "Costa del Sol" e Javier Sánchez Díaz, da revista "Excelent".

VISITA SUMILLERES DE REINO UNIDO
17-18 Outubro
Seis sumilleres de recoñecidos restaurantes do Reino Unido acompañados por Mª José Sevilla (xefa de viños da Oficina Comercial de Londres) visitaron a Denominación durante dous días para coñecer as peculiaridades da zona, as adegas, viñedos e os nosos viños.
"Todos han quedado gratamente sorprendidos con la viticultura practicada en la D.O Rías Baixas, sus variedades de uva y sus grandes posibilidades de maridaje", explicou Eva Mínguez, do departamento de marketing do Consello Regulador.
María José Sevilla, incidiu pola súa banda en que "la batalla para continuar ampliando el posicionamiento y la venta de estos vinos está en la restauración y el mercado independiente, no en las grandes superficies, sobre todo en mercados maduros como el británico".
Os participantes participaron nunha cata de 45 marcas de viños Rías Baixas comercializados no seu mercado. Completaron a experiencia cunha visita ás adegas, para apreciar as diferencias entre as pequenas e familiares e outras de maior capacidade.
A delegación estaba composta por: Gustavo Medina, de "The Tate" (restaurante de Tate Britain); Philippe Denoual, de "L'autre Pied", que conta cunha estrella Michelín; Frederic Billet, do céntrico "Marylebone Hotel" londinense; Young Shi, de "Sumosan", restaurante xaponés cabeceira en Mayfair; Kristen Kalmau, de "Kensington Hotel", tamén cunha estrela Michelín e Jaanus Uksik de "Viajante Restaurant", a meca dos food-lovers no distrito de Town Hall, en Londres.

PROMOCIÓN

EXPORTACIÓNS EXERCICIO 2010
22 Marzo
O viños Rías Baixas incrementaron un 16,04% as súas exportacións que ascenderon a 3.548.116 litros no exercicio 2010. Tamén houbo un incremento en valor, onde as cifras superaron os 19 millóns de euros. En total a D.O. puxo no mercado de 54 países un total de 4.730.821 botellas de viño, con 76 adegas nos plans de exportación.
O presidente do Consello Regulador, José Ramón Meiriño, mostrou a súa satisfacción por estes resultados que deixan claro que "el sector sigue apostando por los mercados exteriores a los que destina una producción 22,4%". O obxectivo é diversificar e ampliar mercados para alcanzar un equilibrio baseado nun 33% das vendas ao mercado local, outro tanto ao nacional e o mesmo ao exterior.
Seguindo esta líña de traballo Rías Baixas segue apostando polo exterior, renovando a campaña para Estados Unidos, que a denominación desenvolve desde hai máis de seis anos, e sumando unha campaña, máis modesta, para Xapón.
Estados Unidos seguiu sendo o principal importador, con 1.902.032 litros, concentrando o 53,77% das vendas e un incremento do 16,3% con respecto ao exercicio 2009.
Completaban o palmarés Reino Unido, un mercado tradicional desta denominación, con 422.823 litros; Porto Rico, con máis de 171.000 litros e México, con 112.299 litros. Outros mercados relevantes foron Alemaña, Suíza, Francia, Bélxica, Australia e Holanda.
O mercado asiático, cun total de 64.431 litros de exportación, mantívose como obxectivo a medio e longo prazo. En particular Xapón, o principal mercado neste continente, con máis de 39.000 litros exportados e un crecemento próximo ao 18%.

PRESENTACIÓN EN BARCELONA
24 de marzo
Barcelona acolleu unha presentación dos viños da D.O Rías Baixas nunha xornada integrada por un almorzo de traballo para os medios de comunicación cataláns e un acto dirixido ao consumidor final, onde 15 adegas da D.O. presentaron diferentes marcas baixo o paraugas Rías Baixas. Participaron no evento cerca dun millar de persoas.
O presidente do C.R.D.O., José Ramón Meiriño, mostrou a súa satisfacción pola gran repercusión do acto.

Mercado de expansión
O área metropolitana de Barcelona é un mercado de expansión co tecido empresarial galego da Cidade Condal como inmellorable embaixador e que, como destacou o secretario xeral do C.R.D.O., Ramón Huidobro, "es un mercado de vanguardia que marca tendencias y que tiene un efecto rebote en otros mercados".
Nos últimos anos, os viños brancos con denominación de orixe están gañando cota de mercado no leste peninsular, alcanzando os Rías Baixas un 15 % , e mesmo situándose como líderes en canto ao valor, cun 22 % que os posiciona como líderes.

CAMPIONATO GALEGO SUMILLERES
5 de Maio
Coa participación de 23 concursantes de toda Galicia, dez deles mulleres, celebrouse no Pazo de Mugartegui o XV Campionato Galego de Sumilleres. Convocado pola Asociación Gallega de Sumilleres en colaboración coa D.O. Rías Baixas, o certame estivo acompañado dunha cata comentada de tres elaboracións amparadas pola D.O., a cargo dun técnico do Órgano de Control e Certificación.
A organización apostou por afianzar a relación entre o mundo do viño e os prescritores porque "cuanto más conocimientos tengan de los vinos mejor podrán asesorar a sus clientes sobre maridajes, y desterrar tópicos extendidos entre el consumidor".
O presidente da Asociación Gallega de Sumilleres (AGASU), David Barco, lembrou a gran evolución dos viños brancos "con crianzas sobre lías o selecciones de colleitas que dificultan su cata".
Tras unha semifinal con diversas probas, a máis complicada das cales foi identificar a través da vista e o olfato tres produtos presentados nunha copa negra, 6 participantes pasaron á final para afrontar un cuestionario de 10 preguntas, unha carta errónea e unha proba sobre decantación e servizo do viño, maridaxe e venda dun produto.
O xurado formado por catorce profesionais da hostalería de nivel nacional e internacional valorou, ademais da puntuación obtida, o estilo, a imaxe persoal e a profesionalidade dos concursantes.

CAMPAÑA EN XAPÓN
7 de Xuño
O Consello Regulador de Rías Baixas levou a cabo co apoio do ICEX unha campaña promocional dos seus viños en Xapón. A iniciativa centrouse en tres obxectivos: incrementar o consumo por copa; ampliar a formación aos profesionais con seminarios e respaldar a campaña co apoio publicitario en medios especializados". Na primeira actividade participaron 51 marcas de 36 adegas con importador en Xapón.
Os catro primeiros seminarios tiveron lugar en Tokio, Osaka, Nagoya e Fukuoka. Posteriormente compláronse cunha campaña "by the glass" en trinta restaurantes de Tokio, tanto de comida xaponesa como española, nos que os consumidores puideron acceder aos viños de Rías Baixas con atractivas promocións.
Ademáis da publicidade nas revistas especializadas máis importantes, deseñouse unha separata específica de presentación da Denominación Rías Baixas, con mención dos viños que se podían adquirir no mercado nipón, distribuída nos seminarios.

PRESENTADA EN OVIEDO A COLLEITA 2010
30 de Xuño
Durante un almorzo de traballo celebrado en Oviedo coa prensa asturiana, o presidente do C.R.D.O. Rías, José Ramón Meiriño, anunciou

que o Pleno do Consello outorgou a cualificación de "moi boa" concedida a colleita 2010.
No acto programouse tamén un "túnel do viño", coa participación de 59 adegas e 92 marcas da Denominación, e ao que asistiron máis de 500 profesionais do sector asturiano.
A cualificación da colleita, establecida para o conxunto dos viños elaborados na D.O. Rías Baixas, é froito dun rigoroso proceso de valoración mediante análises sensoriais e fisico-químicos de mostras representativas dos 9.616.867 litros cualificados ata o 30 de maio.
En definitiva, trátase dunha decisión derivada dunha política de calidade moi esixente para a que se tiveron en conta as valoracións do Panel de Catadores do Consello Regulador, ademais do criterio do Órgano de Control e Certificación da Denominación.
Segundo os catadores, os de 2010 foron viños con elevado grao alcohólico, intensidade media frutal e floral, como corresponde aos Rías Baixas.
O secretario xeral do Consello Regulador, Ramón Huidobro, destacou que nesta colleita cualificouse un 15% máis de viño que na anterior.

60 VIÑOS NA CATA-CONCURSO DE CAMBADOS
1 Agosto
Na XXIII Edición da Cata - Concurso "Rías Baixas-Albariño", organizada por la D.O. Rías Baixas, 60 marcas competiron polos tres prestixiosos premios concedidos por un panel de cata interno, con 24 expertos do Consello, e o panel externo convocado para a ocasión.
Entre estes últimos estiveron Paz Ivison, xornalista freelance de diferentes medios, como "Yo Dona"; Cristino Álvarez, da axencia Efe; Cristina Alcalá, directora de "Mi Vino"; Federico Oldenburg, colaborador en "El Economista", "El Mundo", "Gentleman"; Ferrán Caldés, redactor xefe de "Comer y Beber"; Pablo Amate, de "El Ideal de Granada, Jaén y Almería"; Colin Harkness, crítico enolóxico en "Vinos de España", "Viva Vino", e "Living Spain"; Juan García Muñoz, director de "Yvinia"; Jesús Flores, responsable do "Aula del Vino"; Phillipe Cesco, especialista en cavas; Rosa Villar, colaboradora de "La Razón"; e David Barco, presidente da Asociación de Sumilleres de Galicia.

Túnel do Viño
Por primeira vez, a popular festa de Cambados contou cun Túnel do Viño, organizado polo Consello Regulador e onde se puideron degustar 94 marcas, pertencentes a 54 adegas da D.O. Rías Baixas, co asesoramento dun sumiller.
O túnel estivo situado no Salón de Congresos e Exposicións José Peña (antiga fábrica da Conserveira Peña) desde o 4 ata o 7 de agosto, e foi visitado por máis de 250 persoas.

CONVENIO COA RUTA DO VIÑO
4 de Agosto
O Consello Regulador e Deputación de Pontevedra uniron forzas coa Ruta do Viño Rías Baixas nunha clara aposta polo enoturismo na provincia. Ámbalas dúas entidades asinaron senllos convenios por un importe de 68.000 euros, para mellorar a competitividade do sector vinícola na Ruta e a súa sostenibilidade económica e social, incrementando o nivel e número de servizos ofrecidos a turistas e visitantes.
Os acordos asináronse durante a celebración da Festa do Albariño de Cambados, coincidindo coa apertura do Túnel do Viño. Foron presentados por Rafael Louzán, presidente da Deputación, organismo que aportou 60.000 euros. Louzán destacou que a Deputación apostaba claramente "por un producto de primer nivel como es la Ruta, un elemento dinamizador clave para la provincia y una alternativa perfecta para el turismo de sol y playa".
José Ramón Meiriño, destacou que a Ruta do Viño quería ser referente da oferta turística de calidade de Galicia e reafirmou a aposta da Ruta por ampliar a súa presenza a outras subzonas.
O convenio permitiu abordar a execución dun completo plan de actuacións en sinalización, promoción e modernización.

PREMIADOS NA CATA-CONCURSO DE CAMBADOS
8 de Agosto
Tras catar 60 marcas de Rías Baixas ao longo de dúas xornadas, os profesionais do panel de cata da XXIII Cata Concurso Rías Baixas Albariño concederon a medalla de ouro á marca "Pazo de Bouciña", da adega Arousa de Bebidas; a medalla de prata ao Rías Baixas Albariño de "Esencia Divina", de adegas Gran Vinum e a medalla de bronce a "Bouza de Carril", da adega Bouza de Carril.
Os xornalistas, enólogos e sumilleres que integraron o panel de cata coincidiron en sinalar "el magnífico nivel de los finalistas", resaltando que "fue muy difícil elegir al mejor".
Por outro lado, o xurado manifestou tamén que a calificación da colleita 2010 como "Muy buena" polo Consello Regulador foi acertada xa que os doce viños protagonistas da Cata Derradeira tiñan unha calidade homoxénea.

PREMIOS XIII CATA-CONCURSO "VIÑOS BRANCOS GALEGOS"
11 de Agosto
O Pazo de Mugartegui acolleu a entrega dos tres premios aos viños galardoados na XIII edición da Cata-Concurso "Viños Brancos Galegos" concurso anual organizado pola Casa de Galicia en Bilbao, con motivo da XIII Feira de Galicia.
Resultaron gañadores nesta ocasión o "Pazo de San Mauro" (Rías Baixas Albariño 2010) do Grupo Vinícola Marqués de Vargas SL da D.O. Rías Baixas; seguiulle un "Martín Códax" (Rías Baixas Albariño 2010) da D.O. Rías Baixas; e en último lugar, "Bioca" (Godello selección 2010), de Adegas Mª Teresa Núñez Vega da D.O. Valdeorras.
Nesta edición participaron un total de 40 viños, pertencentes ás 5 denominacións de orixe galegas nunha cata cega con 5 catadores da Asociación de Euskadi de Sumilleres.
Ademais dos representantes das adegas premiadas da D.O. Rías Baixas, asistiron ao acto o presidente da Casa de Galicia en Bilbao, José Antonio Blanco; a presidenta da Irmandade de Centros Galegos

en Euskadi, Pilar Rodríguez Villar, e o presidente da D.O. Rías Baixas, José Ramón Meiriño.

PLAN PROMOCIONAL NOS EE.UU.
14 de Outubro
Os "Great Mach" de Nueva York e Seattle e a "International Chefs Conference", que reuniron a máis de 2.500 consumidores para degustar viños de Rías Baixas deron inicio ás actividades do Plan Promocional en Estados Unidos. Foron seguidas da celebración do "Albariño Camino-Media Tapas Crawl", en San Francisco, e a participación na "CIA Worlds of Flavor Conference" ou no "Great Match" en Atlanta.
Os "Great Mach" son eventos que lograron atraer a moitos prescritores entre importadores, distribuidores, sumilleres e xornalistas. Nese marco púxose en marcha a novidosa iniciativa "Albariño Explorers Club", para crear unha comunidade de amantes dos Rías Baixas Albariños. O novo "club" foi acollido con gran satisfacción sumando en pouco tempo máis de 500 seguidores, que poden compartir a súas experiencias de consumo a través dun portal on line, onde atopan toda a información sobre os nosos viños e poden obter vantaxes exclusivas.
Tamén en Nova York tivo lugar a "Internactional Chefs Conference", un dos máis importantes eventos culinarios de Estados Unidos no que participaron máis de 2000 profesionais, entre os que estaban 80 importantes chefs e sumilleres. No evento fíxose unha importante aposta pola proxección da marca de viños de Rías Baixas.
Eventos de cata en vivo, transmitidos a través da comunidade virtual "Snooth.com", así como sommelier parties, celebracións pensadas para atraer a influíntes sumilleres foron outras actividades realizadas nos EE.UU.
Tamén San Francisco sumouse a este Plan Promocional, coa celebración do "Albariño Camino - Media Tapas Crawl". A través de diferentes restaurantes de moda, bloggers e responsables de medios de comunicación puideron ampliar os seus coñecementos dos viños Rías Baixas, as súas posibilidades de maridaxe e as vinculacións co Camiño de Santiago.

ENTREGA DISTINCIÓNS GALLAECIA
20 de Outubro
A sede do Consello Regulador acolleu a entrega das once distincións Gallaecia 2011 outorgadas a viños da D.O Rías Baixas.
Estes premios, convocados pola Asociación de Sumilleres de Galicia "Gallaecia", están recoñecidos como Concurso Oficial polo Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural y Marino, distinguiron nesta 11ª edición a 56 viños das cinco denominacións de orixe, sobre un total de 400 referencias que tomaron parte na convocatoria.
Acodiron a entrega de premios representantes das distintas adegas galardoadas; o presidente do Consello Regulador de Rías Baixas, José Ramón Meiriño; a presidenta da Asociación de Sumilleres de Galicia, Mercedes González; e o vicepresidente desta entidade, Luís Paadín.

PRESENTACIÓN EN DONOSTI
25 de Outubro
Dezasete adegas con 47 marcas participaron nunha presentación de viños en San Sebastián baixo o paraugas do Consello Regulador da D.O. Rías Baixas. Foi un acto dirixido ao prescritor vasco no que participaron medio millar de profesionais do sector, entre sumilleres, distribuidores, enólogos e hostaleiros.
Os participantes degustaron Rías Baixas Albariño, Rías Baixas Rosal e Rías Baixas Condado, ademais de elaboracións especiais como viños de barrica ou seleccións de colleitas.
Era a segunda ocasión na que o Consello Regulador realizaba unha presentación en San Sebastián, despois da realizada no 2008. "Se trata de un mercado natural para nosotros por su cercanía y en los últimos años está funcionando muy bien", explicou o secretario xeral do C.R.D.O. Rías Baixas, Ramón Huidobro.
Tal como recollía o último informe Nielsen, San Sebastián é un mercado cun gran potencial para Rías Baixas dentro do Área Norte que representa o 70,5% das vendas nacionais da Denominación.

EXPORTACIÓNS 2010-2011
17 Novembro
Durante a campaña 2010-11 (do 1 de setembro ao 31 de agosto) os viños da D.O. Rías Baixas incrementaron as exportacións nun 33,64%, cun total de 4.073.075 litros vendidos. En plena crise as adegas puideron equilibrar as súas contas nos mercados internacionais, exportando a 54 países por un valor total de 21.633.545 millóns de euros, un aumento do 28,35% con respecto ao anterior exercicio.
O presidente do Consello Regulador, José Ramón Meiriño, louvou o traballo realizado por todos en Rías Baixas apuntando que "las bodegas llevan muchos años apostando por los mercados internacionales y en tiempos de recesión económica éstos se convierten en unos buenos aliados. A ello hay que sumarle la importante labor de ICEX e IGAPE con su constante apoyo en la internacionalización de nuestros vinos".
Insistiu nese aspecto o secretario xeral do Consello, Ramón Huidobro, que sinalou que "el objetivo de este año próximo es consolidar estos datos y entrar en otros países como Brasil".

Principais clientes
Unha campaña máis, o mercado americano mantén e incrementa a súa preponderancia sobre a Unión Europea, cun crecemento do 36%. Por países, Estados Unidos segue a ser o principal mercado exterior con 2,3 millones de litros, un incremento de 37,82%.
A distancia segue Reino Unido, mercado tradicional para esta denominación de orixe, con 439.836 litros e un incremento superior ao 21% das vendas.
Completa o ranking Porto Rico, con 175.634 litros importados e un crecemento do 24,47%.
Os primeiros dez destinos para a exportación complétanse con México, Suíza, Alemaña, Bélxica, Holanda, Noruega e Australia.

Dez países que concentran o 88,26% das vendas no mercado exterior.
Finalmente, o mercado asiático segue cun crecemento constante e significativo. Na campaña 2010-2011 exportáronse a esta zona 75.307 litros de viño, un 42,12% máis que na campaña anterior. Destaca especialmente Xapón, onde se fixo unha campaña de promoción específica. Tamén reforzáronse as accións en China, un mercado cun crecemento superior ao 28 %, coa presenza dos viños Rías Baixas entre os expositores habituais da feira Food & Hotel de Shanghai, á que en 2011 sumouse o evento Hong Kong International Wine & Spirits Fair.

RIAS BAIXAS NA VII EDICIÓN DE CINVE
21 de Novembro
O CRDO Rías Baixas foi un dos patrocinadores da sétima edición del Concurso Internacional de Vinos y Espirituosos (CINVE), celebrado en Sevilla. Dezasete viños pertencentes a diferentes adegas da D.O. Rías Baixas foron servidos durante o almorzo patrocinado polo Consello Regulador, no que participaron catadores e representantes da Asociación Venezolana de Sommeliers, encargados de servir os viños presentados a concurso.
A dirección técnica do concurso, que tivo lugar entre o 15 e o 17 de novembro, correspondeu a Mª Isabel Mijares, presidenta do Equipo Team e do Laboratorio de Análisis Sensorial. Un xurado cualificado e con notable experiencia en concursos nacionais e internacionais, integrado por importadores, comercializadores distribuidores, compradores, líderes de opinión, xornalistas e sumilleres valorou os viños e espirituosos procedentes de España e outros países, como Alemaña, Arxelia, Arxentina, Australia, Bolivia, Brasil, Canadá, Chile, Estados Unidos, Francia, Italia, Líbano, México, Perú, Portugal, Suíza, Túnez, Uruguai e Venezuela.

PREMIOS FPA – LONDRES
23 Novembro
Os viños Rías Baixas presidiron un ano máis a cea de entrega dos Premios da FPA (Foreign Press Association), celebrada en Londres. O Consello Regulador enviou para a ocasión á organización do evento un total de 180 botellas de viño xenérico Rías Baixas Albariño.
Asistiron ao acto unhas 400 persoas e entre os invitados VIP atopábanse o Príncipe Salman Bin Hamad bin Isa Al Khalifa, de Bahrein; tamén os políticos Nick Clegg, actual viceprimeiro ministro do Reino Unido, e Boris Jhonson, alcalde de Londres.
A FPA, que entregou os galardóns da súa 122 edición, é un punto de referencia no mundo da prensa e os medios de comunicación, sendo a asociación sectorial máis antiga do mundo.

IMPLANTACIÓN CÓDIGOS QR
25 de Novembro
Na sede do Consello Regulador presentouse unha iniciativa para implantar códigos QR nas botellas, como fórmula de promoción alternativa para campaña en Estados Unidos. Este proxecto innovador implementado por empresas galegas foi presentado polo director de internacionalización do IGAPE, Alfredo Castro.
No acto participaron tamén representantes das dúas empresas implicadas no proxecto, Go Movil e Drafters, así como a Fundación FUNDAinnovAcción, responsable de dar soporte a pequenas empresas para presentar proxectos innovadores. Segundo explicou a súa presidenta, Mª Esther Diz, "el mercado estadounidense tiene un gran desarrollo del uso de las nuevas tecnologías y las redes sociales por lo que consideramos que podría ser una apuesta interesante".
Como aclarou un dos responsables do proxecto, Darío Rejón, de Drafters, "los códigos QR pueden usarse como herramienta de promoción para trasladar facilmente al consumidor final la información específica que deseemos".

SECTOR

O PLENO PIDE MODERACIÓN NAS SANCIÓNS
17 de Marzo
O pleno do Consello Regulador, órgano soberano da Denominación de Orixe Rías Baixas, acordou instar á Consellería do Medio Rural a que fora benevolente na aplicación das sancións derivadas dos expedientes incoados por presunto exceso na colleita da campaña 2009, recomendando mesmo o sobreseimento dos expedientes, no caso de que se deran as condicións legais.
Na citada campaña só excederon do máximo autorizado polo regulamento un 0,95 % del total dos 6.556 viticultores inscritos. A cantidade total excedida foi de 54.639 kg,, é dicir un 0,323 % do total da Denominación.
Na vendima 2010 prevíase que a cifra total de uva excedida sería lixeiramente máis elevada que na campaña anterior, dado que a produción tamén foi maior.

O CONSELLO DEFENDE O TRABALLO DOS SERVIZOS TÉCNICOS
12 de Agosto
Tras a comunicación dos sumarios sancionadores por exceso de produción na vendima 2010, o Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas aclarou que a actuación do CRDO estivo sempre guiada polo respecto e o cumprimento da lexislación vixente a nivel europeo, nacional e autonómico, así como das decisións do Pleno do propio Consello.
Igualmente pediu respecto para o traballo dos Servizos Técnicos, que desde 2002 teñen realizado numerosas actuacións extraordinarias, traducidas en máis de 12.000 procedementos e máis de 4.000 comunicacións a viticultores co obxectivo de actualizar e depurar o Rexistro Vinícola en Galicia.
Ao longo destes anos, os técnicos deste Consello Regulador cumpriron tamén tarefas de atención e asesoría directa, revisións e comunicacións por escrito a cada viticultor e dixitalización da documentación aportada.
O Consello explicou tamén que a actualización do censo é competencia directa dos viticultores, e que a labor do Consello é de apoio. En

todo caso, o CRDO insistiu ademais que, como Órgano de Control e Certificación, debe ser firme no cumprimento da norma establecida e consensuada polo conxunto do sector, xa que en outro caso incorrería nunha grave infracción, establecida na Lei 2/2005 que fixa as función dos Consellos Reguladores, establecendo o seu papel na certificación da calidade do produto e no control da normativa establecida.

INICIO DA VENDIMA
9 de Setembro
O Consello Regulador deu por iniciada a campaña da 2011, coa maioría das adegas inmersas xa na recollida de uva, xa que os primeiros traballos iniciáranse a finais de agosto nas subzonas de Condado do Tea e O Rosal, ás que se sumaron logo Val do Salnés, Soutomaior e Ribeira do Ulla.
Para esta campaña, a Denominación contaba con 3.966 hectáreas, 6.618 viticultores e 179 adegas inscritas.

COLLEITA DE RÉCORD NA VENDIMA
11 de Outubro
Despois dun mes de traballo concluíu a vendima coa colleita máis elevada da historia: 41.787.783 millóns de kilos de uva recollidos nas 3.966 ha., segundo os datos do Órgano de Control e Certificación do Consello.
As boas condicións meteorolóxicas permitiron retrasar o tempo necesario o período de recollida e a vendima transcorreu de xeito selectivo e ordenado, coa uva en excelente estado fitosanitario na entrada en adega, cun bo grao alcólico e unha acidez equilibrada.
A abundancia da colleita permitiu que as 179 adegas da D.O. esgotaran a súa capacidade de almacenaxe.
76 técnicos habilitados como veedores pola Consellería do Medio Rural e outros 5 do Órgano de Control e Certificación supervisaron a entrada de uva nas adegas, os transportes de uva ou mosto entre subzonas e a vendima en fincas, garantindo que o rendemento máximo de uva por hectárea non excedera o establecido polo Consello Regulador, de acordo cos datos rexistrados na tarxeta de viticultor documento imprescindible, persoal e intransferible.
Como ven sendo habitual a variedade albariño foi a de maior produción, con 40.053.733 kilos de uva, un 95,85% do total. Seguíronlle a loureira e a treixadura, con 488.920 e 488.103 kilos respectivamente, en variedades brancas. En canto as tintas recolléronse un total de 333.257 kilos de uva, representando un 0.79% da produción total, coa variedade sousón como a maior produción.
Por subzonas, O Salnés foi a máis produtiva, con 27.783.730 kilos, seguido por Condado, con 8.351.613 kilos; O Rosal, con 5.050.329 kilos; Ribeira do Ulla, con 578.056 kilos e Soutomaior, con 24.055 kilos.

PREMIOS E RECOÑECEMENTOS

COLLEITA DE PREMIOS
15 de Xullo
A D.O. Rías Baixas volveu mostrarse como referente dos viños brancos do mundo. Así o demostra o máis do centenar de galardóns recollidos en prestixiosos concursos nacionais e internacionais.
Entre as citas máis importantes, as 51 mencións na guía "Wine Advocate" de Robert Parker; e as máis de 400 recomendacións nas guías máis relevantes a nivel nacional: a Guía Repsol de los Mejores Vinos de España, a Guía Peñín, o Anuario de "El País", a Guía ABC 2011 e a Guía Proensa.
No caso da guía de Robert Parker dos 51 viños puntuados 26 recibiron 90 ou máis puntos, e dous deles obtiveron 93 sobre 100.
Entre os galardóns nacionais estaban o Concurso Baco 2011, no que se conseguiron 2 premios, igual que no certame CINVE; obtivéronse outros 4 no Sélection Mondiale des Vins; 5 no Challenge International du Vin; 14 no Concurso Mundial de Bruxelas; 35 mencións no International Wine Challenge; 9 premios na International Wine and Spirits Competition e 33 distincións nos Decanter World Wine Awards.

Consello Regulador da Denominación de Orixe

Rías Baixas

Pazo de Mugartegui
Praza da Pedreira 10 - 36002 (Pontevedra)
Tf: 986 854 850 / Fax: 986 864 546
www.doriasbaixas.com / consejo@doriasbaixas.com

Edita: Cuerpo a Cuerpo Comunicación. R/ Uruguai, 2 - 3º dta. 36201 VIGO

FEADER:
Europa inviste no rural

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE

XUNTA DE GALICIA